

# LUSCO FUSCO

C.P.I. de COVA TERREÑA BAIONA Revista Nº 12 Curso 2010-11

[www.edu.xunta.es/centros/cpicovaterrena](http://www.edu.xunta.es/centros/cpicovaterrena)



Letras Galegas 2011  
Lois Pereiro

Letras Galegas 2011  
Lois Pereiro

Letras Galegas 2011  
Lois Pereiro



# SUMARIO

CREACIÓNS LITERARIAS .....	4
Retrincos-poesías .....	4
As veces sinto .....	6
Rap .....	7
CONMEMORACIÓNS .....	8
Reportaxes: Lume nos montes de Baiona .....	8
Maruxía en Baiona .....	9
Samaín .....	10
Magosto .....	11
Simulacro .....	12
O Apalpador e Papá Noel .....	13
Día da Paz .....	13
I Encontro de Mediadores .....	14
Entroido .....	18
Divulgación: O Bosque .....	28
Plantación de árbores .....	34
Arte: Gustav Klimt .....	37
Os Beatles .....	40
Concurso debuxo .....	41
Letras Galegas .....	43
SAÍDAS .....	45
O monte de Baiña .....	45
Viaxe a Madrid e a Toledo .....	47
As viaxes da nosa Alicia .....	49
DEPORTE E SAÚDE .....	50
Semana da froita .....	50
Froitas con chocolate .....	51
Conferencia e degustación .....	55
A nosa despensa: O Bosque .....	56
O club dos fanados .....	58
Xogos do recreo .....	60
Os teus coñecementos poden salvar vidas .....	61
MODA .....	64
Novas tendencias .....	64
PASATEMPOS .....	67
Horóscopo .....	67
Chistes .....	69



**RETRINCOS - POESÍAS DE 3º B PRIMARIA**

Na primavera  
non hai dragóns  
pero si existe  
a imaxinación.



Bota lume pola boca  
e pode voar  
come carne de foca  
se a atopa!



As bolboretas  
son fermosas  
e as abellas  
están cantando  
nas colmeas.

Bolboreta, bolboreta,  
bolboreta aparecida,  
na camposa florecida.



Hai moitas vacas  
apastando nos seu campos  
grazas ao seu leite  
vive a xente.



Pasaba un cabalo branco  
e outro cabalo negro  
estaban pedidiños  
non atopaban o camiño.



O can fai guau, guau  
e o lobo auu, auu  
un vive na casa  
e outro na montaña.



(Edu, Rodrigo, Marcos, Alba, Daniel P., Paola, Sara)


## **AS ESTRELAS**

**As estrelas no ceo brillan  
e refléxanse no mar  
cunha luz centiliante  
como a estrela Polar.  
Se poideran coller unha  
gardaríana na furna,  
miraríana de noite  
e durmiríana de día.  
Eu estou cansada!  
Ao Espazo, teño que levala!  
Andrea**




## **O ARCO DA VELLA**

**O Arco da Vella  
ten sete cores.  
Roxo como un pemento,  
verde como un limón,  
azul dun día de Sol,  
laranxa de laranxeiro.  
Co traxe de albanel  
rima a palabra papel,  
coa cor violeta  
ritmo de pandeireta.  
A poesía empeza!  
Manuel**



## **A VACA "MU"**

**A vaca MU  
fai mu, mu, mu!  
e come no prado  
de Malubú.  
Un día ...  
víu un oso Panda  
comendo bambú,  
parecía un GURUGÚ  
comendo bambú!  
Antía**





*ÁS VECES SINTO...*

*Ás veces sinto que no meu país  
faltan palabras.  
País no que hai libros que,  
ás veces, non din nada.*

*¿Onde estará o pozo  
onde se atopan elas?  
No seu fondo xacerán  
loitando unhas coas outras.*

*Sinto que, cando na froitaría  
me atenden noutra lingua,  
é como se as froitas estiveran podres.*

*Cando non hai na panadaría  
nin tortas, nin marruchos, nin boleardos,  
é coma se non houbera nada doce.*

*Fálanme noutra lingua  
coma se o meu país fose outro.*

*Baseado na lectura de relatos softos de Made in Galiza de Sechu Sende*

*ANDREA ESTÉVEZ  
JOSÉ LUÍS ESTÉVEZ 2º ESO B  
MARÍA PEREIRA*

## A CRUDA REALIDADE

Simplemente é un centro educativo  
a maioría solo veñen a pasear os libros.  
Hai un profesor que me está fartando  
dígolle catro cousas e voume liscando.  
Sácanme de clase, vou cara dirección  
alí me esperan con pouca emoción,  
dínme que pasou  
dígolle a verdade  
mándanme para a casa sen ningunha piedade.

Xa levo tres días na miña habitación,  
volver ao colexio, "menuda emoción".  
As profesoras van pouco alegradas,  
as nenas de hoxe en día están moi mal educadas.

Volvemos a rutina de pouco estudar  
pasamos de todo e veña a xogar.  
Chega o fin de curso, xa veñen as notas,  
levo seis suspensas, meu pai me reventa.  
Dime que colla o sachó e me poña a cavar  
que a ver se mañá quero estudar.

Chega o verán, me poño a estudar  
a ver se en setembro consigo aprobar.

Nicolás Parada González 2º ESO B

## **LUME NOS MONTES DE BAIONA**

Os incendios atacan ao monte de Baiona en tres lugares diferentes.

O primeiro que percibimos dun incendio é o cheiro a queimado. O levantar a vista vemos a columna de fume na paisaxe. Pero si nos achegamos ao lume é cando nos damos conta da destrución que supón para o bosque.

Este verán en Baiona houbo tres incendios importantes: un nos montes de Baredo por debaixo de Chan da Lagoa, outro por encima de San Antón pegado a autovía e o último antes de chegar a Fontes visible dende a carretera.

O de Baredo foi o que afectou a máis extensión de bosque e resulta penoso pasear pola pista e ver toda a abundante vexetación calcinada e non ver nin un só animal dos que alí vivían. Este primeiro foi no mes de agosto e precisou dun amplo despliegue de helicópteros, maquinaria pesada e brigadas antiincendios do exercito para poder sofocalo.

Os outros dous aínda que non tiveron as dimensións do primeiro resultaron perigosos pola proximidade as casas. A rápida intervención do GRUMIR do Val Miñor e as suaves temperaturas deses días do final de setembro, evitou que o lume se estendera as vivendas.





## MARUXÍA EN BAIONA

A coincidencia dunha forte maruxía coa marea alta deu lugar a unha paixase espectacular.

O pasado sábado, 9 de outubro, nas nosas costas coincidiron dúas circunstancias especiais. Por un lado unha forte mar de fondo con ondas de ata 7 metros e por outra banda unha maré viva, a causa da lúa chea, cunha diferenza de 4 metros entre a marea baixa e a alta.

A consecuencia foi un espectacular oleaxe que se podía apreciar dende calquer punto do Monte Boi.

Moita xente acudiu a prai da Concheira para disfrutar da paisaxe e sacar fotos. A flota de pesca permaneceu amarrada porque lle era imposible navegar nesas circunstancias. Ademais no pantalán da Lonxa dous pilotes resultaron deteriorados e un dos tramos do pantalán quedou inutilizado.

Foi moi interesante ver a maruxía pero non esquezamos o peligroso que resulta a mar cando está embravecida.



# S A M A Í N



Arrepiantes exposicións de Cabazas feitas polos nen@s de Educ. Infantil ambientaron o colexio.

Na biblioteca, nesas datas de taaaaaanto medo, tivemos unha exposición de contos terroríficos e moitas actividades sobre este tema.

O alumnado da ESO investigou sobre as orixenes do Samaín. Recompilaron lendas, crearon os seus propios relatos, participaron nun concurso de "momias", visionaron pelis e disfrutaron con xogos en varios idiomas relacionados con esta festividade.

Para os nen@s de Educ. Infantil as xornadas transcorreron entre contos de medo dramatizados e para os seus compañeir@s de Primaria entre actividades que lles axudaron a ..." VENCER OS MEDOS".



Equipo de Biblioteca.

## MAGOSTO ESCOLAR 26 de outubro de 2010

Alá polo outono xuntámonos todo o colexio en Chan da Lagoa. Os maiores subiron andando e o resto en autobus. Compartimos xogos, comida e fogueiras. Espantamos os malos aires e collemos forzas para o duro inverno que estaba por vir.





## **SIMULACRO DE EVACUACIÓN, 23 de novembro**

Realizouse no centro un simulacro de evacuación con resultado exitoso. A continuación levouse a cabo unha actividade formativa coa policía local e os bombeiros do GRUMIR, aos que agradecemos a súa dispoñibilidade e colaboración.



### **O APALPADOR E PAPA NOEL PASARON POLO COLEXIO, 22-12-2010**

O día estaba chuvioso e todos/as nos refuxiavamos nas clases. Estabamos moi concentrados nas últimas actividades deste longo trimestre. De repente entraron pola porta discutindo entre eles e sorprendendonos. Eran o APALPADOR E PAPA NOEL que se fixeran amigos e andaban a repartir ilusión e regalos entre tódolo/as nenos/as. Non vos olvidades de ser bos e acostarse pronto o día de Nadal.



### **DÍA DA PAZ 2011, 31 de xaneiro**

Un ano máis o colexio encheuse de cor, música, xogos, risas e paz, moita paz. Xuntámonos todo o cole no pavillón municipal para celebrar O DÍA DA PAZ NA ESCOLA. Entonamos axudados polo coro escolar varias cancións coma "Let it be" ou o "Waka, waka". E sobre todo non esquecemos que este é un día para recordar durante os 365 días do ano. Vémonos mañá para volver celebralo.





## I ENCONTRO DE MEDIADORES C.P.I. COVA TERREÑA-C.P.I. PANXÓN

O sábado 22 de Xaneiro de 2011 tivo lugar o primeiro encontro de mediadores do C.P.I. de Cova Terreña e o C.P.I. de Panxón. Xuntámonos 60 rapaces e rapazas dos dous centros e acompañáronnos os profesores Pablo e Chisco, do C.P.I. de Panxón e Amparo, Adela, Eduardo e María, do C.P.I. de Covaterreña.

Empezamos en torno as 10:00 h. Da mañá cuns xogos nos que o pasamos moi ben e ademáis coñecemos os nomes e algo máis de cada un dos participantes.



Logo empezou o traballo un pouco serio, vimos uns videos e Pablo explicounos en que consiste a mediación e cal será a nosa tarefa como mediadores.





Dividíronnos en grupos e tivemos que preparar unhas representacións sobre diferentes tipos de conflitos que se poden dar nun centro escolar.

Paramos para comer sobre as 14:00 h. Na miña vida comera tanta Pizza!!!. Bueno, non só había pizza, algunhas nais fixeronnos tortillas, empanadas, sandwiches, quesadillas, etc...



Despois dun descanso, cada grupo fixo a súa representación e aínda nos reímos un bo rato!!!



Cando remataron as representacións entregáronnos os diplomas que nos acreditan como novos mediadores, que ilusión!!!

Ao final, e a pesares do frío, saímos á cancha e algúns xogamos co paracaidas que trouxeron os de Cova Terreña e outros botamos un partidillo.



**Pasámolo de maravilla e esperamos volver a repetilo pronto!!!**



## ENTROIDO 2011

Como durante este curso se celebra o "Ano Internacional dos Bosques e da Química", no colexio prográmanse e realízanse actividades relacionadas co mesmo. Empregar esa temática no deseño dos nosos disfraces foi unha delas.

Que ben o pasamos obedecendo os mandadiños do MECO!  
Durante unha semana tivemos que estar moi atentos ás súas peticións.  
Foi super divertido! O bo humor que nunca falte!

Neste entroido celebrouse tamén, no segundo ciclo de primaria, o "II CAMPIONATO MUNDIAL DE SOMBREIROS DE CARNAVAL", organizado pola profe Amparo e cun xurado moi especial. Canta creatividade!

**NORABOA AOS  
CAMPIÓNS!**





## CANTA ANIMACIÓN NO DESFILE!

Comparsas de Insectos, Gnomos, Carapuchiñas e Lobos no Bosque, Robin dos Bosques, Pitufos, Cabezudos , Avatar e outras de temática libre , desfilaron dirixidas polo mestre de cerimonia Víctor ( ese día... " Big Foot" ).



Educ. Infantil.



1º Ciclo Primaria.





2° Ciclo Primaria



3° Ciclo Primaria.





As comparsas de AVATAR, PITUFOS e CABEZUDOS , representadas por alumnado da ESO, interactuaron co público, provocando momentos moi divertidos.



Traballar sobre este tema axudounos , entre outras cousas, a concienciarnos na protección dos ecosistemas que temos máis próximos.





Animados polo coro e o conxunto instrumental, o desfile resultou moi animado.



Disfrutamos dunha xornada inesquecible!





## O ENTROIDO

Como foi o ano internacional dos bosques o centro elixiu este tema para celebrar o entroido. Os nenos-as de infantil, disfrazámonos de insectos, e nós fomos de xoaniñas.

Este foi o noso disfraz:



Logo disfrazámonos:



Unha vez vestidos fomos o pavillón e alí estaban os nosos pais e nais esperándonos. Cando chegamos desfilamos e fixemos un baile coa canción "Bichiños".





RENÉ



NOA

CAXALA



ALEXANDRO

YUNÉ

SOFIA



ANXO

SERGIO

VANESA



IRIA



HECTOR



(DAIRON)

GABRIEL  
(GAEL)

ANDREA



ADRIAN M

TONO  
(SANTIAGO)



JORGE  
(JORGE)

ADRIAN G.  
(ADRIAN G.)

ACAZ  
(CRISTINA)



JESUS  
(JESUS)

MIGUEL  
(MIGUEL)

MARINA  
(MARINA)

SHARICA  
(SHARICA)

PABLO  
(PABLO)

GLORIA

JOSE MARIA  
(JOSE MARIA)





Uhm! Que ben arrecendía o colexio alá polo Entroido!

Por que?... Pois porque fixemos receitas típicas desas datas.



As alumnas de 4º da ESO, coa súa profe de francés , cociñaron unhas **DELICIEUSES CRÊPES**.



Mentres, o alumnado de 4º de Primaria seguindo as instrucións de Laura ( unha invitada-amiga ), elaboraron unhas riquísimas **ORELLAS**. Esta fantástica cociñeira agasallounos tamén cuns **MARRUCHOS** recheos de marmelada caseira ou crema pasteleira que degustamos con moitísimo pracer.



Moitas grazas!



## PROTEXE O BOSQUE



## Os animais do bosque

Un bosque é un ecosistema no que viven moitas especies diferentes de animais. Algúns destes son difíciles de atopar a non ser que estean dentro de recintos salvados.



Moitos bosques teñen parte lagoas, ríos ou maras. Estas zonas de auga contribúen a que o bosque teña unhas determinadas características, como a súa humidade, a temperatura, vexetación, etc. Ademais, algúns habitantes das lagoas e dos ríos convértese en parte do ecosistema do bosque.



No noso país, moitos destes animais desaparecen e morren por causa do home. Pero tamén hai persoas que poden facer moito por protexer a natureza. Se atopas un animal ferido é moi importante que te pñas en contacto coas persoas relacionadas co tema.



## A Vexetación Do Bosque





Hai algúns anos, os bosques de Galicia non eran como os que estamos afeitos a ver hoxe. As zonas "fragas", que así se chamaban, estaban compostas por multitude de especies diferentes de árbores e plantas, que eran a cada e o restaurante de moitas especies de animais.





Reflexiona un momento sobre estos datos:  
\* Cada día desaparecen en el mundo un millón de árboles, e igualmente se plantan con mil.  
\* Por vez dos incendios forestales, en la Península Ibérica arden entre árboles por segundos.  
Ya te dimos antes que tú también es parte de naturaleza, por tanto, con te sientas extraño como te  
un poco a tu propia casa.  
Una hora parte de este futuro depende del futuro de los bosques,  
que hoy están a desaparecer




## BOSQUES

Ha si algunos años, desaparecieron muchas de las especies que vivían en los ecosistemas.  
Agora, es animales e vegetales de los que quedan pocas individuos, decimos que están en peligro de extinción, e es chamamos especies protegidas.



# ANIMAIS EN PERIGO DE EXTINÇÃO



ALUMNOS 5º B PRIMARIA

Queridos inquilinos humanos:

Son a Terra e quero mandarvos unha mensaxe: como xa sabedes, eu teño moitos bosques importantes e a contaminación están destruíndo. Coñecedes algún bosque? Pois se se queredes aí non poderedes coñecer ningún porque non haberá. Agora vouvos escribir datos sobre os meus bosques.

- O máis grande é un bosque de coníferas ao sur de Europa e Asia.
- As miñas árbores máis grande ~~son~~ as secuicias e poden chegar a medir 150 m de alto e 10 m de diámetro.
- Os meus países con máis bosques son: Rusia, Brasil, Canadá, Estados Unidos, China, Australia, República Democrática do Congo, Indonesia, Perú e a India.

Impresionados? Pois se queredes conservar os bosques, non votedes lixo neles e reciclade ou serán terceiros que loitarán pola Terra, é miña!

Agora vouvos deixar unha imaxe de como será a Terra se non cuidades os bosques e outra de como será se os cuidades.



Espero non ter que mandarvos outra carta!

Firma: Terra

Ana e Xavi 5ºA



Os bosques son ecosistemas imprescindibles para a vida.

Son o hábitat de multitude de seres vivos como:

Árbores, plantas, animais e moito máis.

Hai diferentes tipos de bosques que son:

- O bosque tempado.
- O bosque tempado caducifolio.
- O bosque seco de coníferas.
- O bosque chuvioso tempado.
- O bosque boreal.

Os bosques clasifícanse en:

**OS BOSQUES BOREAIS:** ocupan a zona sabática, E son polo xeneral de árbores con follas perennes.

**Os Bosques das Zonas Tempadas:** neles encóntranse bosques caducifolios de folla ancha, e bosques perennifolios coníferos. Nas zonas tempadas cálidas hai árbores perennifolios de follas anchas, como o bosque mediterráneo e o bosque do laurel.

**Os Bosques tropicais y subtropicais:** inclúen aos bosques tropicais e subtropicais húmidos, os bosques tropicais e subtropicais secos e os bosques tropicais e subtropicais de coníferas.

Os bosques desempeñan ademais importantes funcións ecolóxicas como a regularización do equilibrio hídrico e do clima e a prevención contra a erosión do solo. Por outro lado, protexen a biodiversidade, proporcionan madeira, leña, reteñen o carbono e paran o cambio climático, xeneran emprego e son un lugar de esparcemento e ocio para a poboación das grandes urbes, cada vez máis alexada. Sen embargo, para que un bosque funcione correctamente e necesario que todo o seu conxunto, e dicir, solo e masa arbórea, encóntrense en un estado óptimo.

Hai nove datos que deberías saber sobre o bosque:

- A destrución dos bosques provoca numerosos danos naturais, incluíndo alteracións dos patróns de choivas locais, inundacións e a erosión acelerada do solo.
- Tres cuartas partes da poboación mundial usa madeira como a súa principal fonte de enerxía.
- En Etiopía se talan cada ano entre 100.000 e 200.000 hectáreas de bosque.

· Os bosques tropicais cobren un 23% da superficie terrestre, pero desaparecen a un ritmo de 4,6 millóns de hectáreas ao ano. Asia encabeza as perdas con 2,2, millóns de hectáreas de bosque desaparecidas cada ano.

· En torno a 6,1 millóns de hectáreas de bosque caduco húmido, 1,8 millóns de hectáreas de bosque caduco e 341.000 hectáreas de bosque seco pérdense anualmente.

· O 8% dos bosques do mundo teñen como principal obxectivo a conservación do solo e da auga.

· O 20% das emisións totais de CO<sub>2</sub> que se producen en España, uns 80 millóns de toneladas, son absorbidas polos bosques.

· O planeta perdeu o 80% dos bosques orixinais que cubrían a terra, según o Programa Nacional das Nacións Unidas para o Medio Ambiente (PNUMA). Os bosques máis antigos que quedan encóntranse na súa maioría na selva do Amazonas, en África Central, en Asia do Sureste, en Canadá e en Rusia.

· O 95% dos bosques da superficie continental dos Estados Unidos ha sido talado nos últimos 500 anos.

Se non queres que acaben cos bosques o tu deber e axudar a coidalos axúdalos e te axudaras a ti mesmo.

Antía 5<sup>º</sup>A



Os nen@s de educación infantil plantamos no horto dúas árbores que gañamos por participar no concurso de postais de nadal.

FLO RA

ALBERTO



MACEIRA CARBALLO

Os nem@s de 3 e a clase de 5 anos "a" plantaron a "Alberto" un carballo, e as clases de 4 e 5 "b" plantaron a "Flora" unha maceira.



O profesor Fran ensinounos as partes dunha árbore e despois ensinounos como transplantala.



RAMAS

FOLLAS

T RONCO

RAIZ





# ARTE: Gustav KLIMT



Gustav Klimt naceu o 14 de xullo de 1862 en Baumgarten (Viena, Austria)

Aos seis anos empezou a estudar na escola pública e dende o principio xa mostraba boas dotes para o debuxo polo que os seus profes aconselláronlle aos seus pais que o meteran na Escola de Artes e oficios.

En 1881 decidiu xuntarse con Franz Matsch e o seu irmán e crear unha asociación chamada "Compañía de Artistas" e abriron un estudo en Viena.

O talento de Gustav non pasou desapercibido e foi facéndose cada vez máis famoso.

En 1892 trasladaron o estudo. Ese mesmo ano morrerían o seu pai e o seu irmán Ernst o que o sumiu nunha profunda depresión.



Casou con Emilie Flöge e grazas a ela contactou coa alta sociedade vienesa. A súa muller era a súa protectora e musa.

Tivo moi boa relación coas modelos dos seus cadros xa que as escoltaba e as axudaba.

Un derrame cerebral acabou coa súa vida o 6 de febreiro de 1918.

Deixou moitas obras sen rematar.

Era un home introvertido, enigmático, calado e observador.

Os nen@s de 4º de primaria e KLIMT.  
Unha obra... distintas interpretacións



“O BICO”  
(1907)

“Fase dourada” do artista.  
Usa pintura dourada e pan de ouro  
O ouro simboliza o máximo e o luxo.  
Sobre unha rocha abrázanse dúas figuras



“AS TRES IDADES DA MULLER”  
(1905)

Representa o paso da vida e as súas etapas ( nena, adulta, anciá)  
Sobre un fondo escuro unha nena durme nos brazos da súa nai  
mentras a anciá esconde o rostro entre as máns.





## A nosa exposición sobre KLIMT



“Estoy convencido que no soy una persona interesante. No hay nada especial en mí. Soy pintor, alguien que pinta todos los días de la mañana a la noche (...). Las palabras no me salen con facilidad (...). Si alguien quiere descubrir algo en mí puede contemplar mis pinturas y tratar de descubrir, a través de ellas, lo que soy y lo que quiero”

GUSTAV KLIMT

## FAI 50 ANOS, OS BEATLES TOCABAN POR PRIMEIRA VEZ NO 'THE CAVERN'

E o fixeron 292 veces, o que convertiu o local de Liverpool en lenda.

Hoxe fai 50 anos que os Beatles tocaron por primeira vez no The Cavern Club de Liverpool, Inglaterra.

Por aquél entón, o Cavern era un oscuro sótano dun almacén. O público tiña que baixar unhas incómodas escaleiras de pedra e topábase cuns enormes arcos, similares aos das antigas bodegas. Neste preciso lugar, Paul Mc Cartney, John Lennon, George Harrison y Ringo Starr tocaron nada menos que 292 veces.

No 1961, o local enchíase de seguidores do grupo inglés entonar cancións como 'Please, please me' e 'Love me do'. A música soaba máis alta do habitual debido ás características da sala, o que lle encantaba ao público.





## Participación dos alumnos de 3º e 4º da ESO no X Concurso de Debuxo Educación Viaria Cidade de Lugo



*Un ano mais, e xa van 8, os alumnos de Educación Plástica e Visual da ESO, xa teñen preparados os seus traballos cos que participarán na X Edición de dito Certame de Artes Plásticas. Dende o Concello de Lugo e a Xefatura Provincial de Tráfico, preténdese que os alumn@s sexan conscentes das actitudes positivas e negativas que afectan a circulación, xa sexa como conductores ou coma peóns.*



*Esta e unha pequena escolma dos traballos realizados a espera da proclamación dos gañadores por parte do Xurado, que será en torno a finais do mes de Maio.*

*¡Grazas a tod@s pola vosa participación!*






# «LOIS PEREIRO» LETRAS GALEGAS-2011

Naceu en Monforte de Lemos (Lugo) en 1.958.



Cando tiña 17 anos viaxou a Madrid.



Alí colaborou xunto a Antón Patiño, Manuel Rivas e Xosé Manuel Pereiro na revista «Loia».



Voltou a Galicia e entrou en contacto con poetas coma: Xosé Seoane, Francisco Salinas, Xulio Vabárez...



As súas obras son:



Morreu na Coruña no ano 1.995.



NENAS E NENOS DE 1º B PRIMARIA

# LOIS PEREIRO

¿ Como se chama vostede? Chámame Lois Sánchez Pereiro.

¿ En que lugar naceu? Nacín en Monforte de Lemos, na provincia de Lugo.

¿ En que ano? No ano 1958.

¿ Que estudos fixo? Estudiei en Madrid tradución e informática.

¿ A que anos marchou para Madrid?

Marchei ós dezasete co meu irmán José Manuel.

¿ Que revista fundou en Madrid? Fundei a revista "LOIA".

¿ Quen lle axudou a fundala? Axudáronme Manuel Rivas, Antón Patiño e meu irmán.

¿ Cantos números se publicaron desa revista? Só se publicaron catro.

¿ Que concurso gañou? Gañei o concurso nacional de poesía "O FACHO".

¿ Cantos libros publicou mentres viviu? Publiquei dous.

Nenas e nenos de 2.º A de Primaria.



## O MONTE DE BAÍÑA

Os nen@s de 3º e 4º de Primaria fomos de excursión ó monte. Collemos o autobús no colexio e despois camiñamos.




Primeiro vimos os petroglifos, que son debuxos feitos nas pedras polos nosos antergos: cervos, labirintos, cabalos, ...



Logo fomos ver o embalse de auga e baixamos para merendar na beira do río de Baíña.

No "BOSQUE DE RIBEIRA" poidemos observar un muiño de auga, varios tipos de fentos, carballos, piñeiros, ameneiros, xestas,... e outros moitos tipos de plantas propias destes bosques que Oscar nos foi explicando.



Fomos recollendo follas, cogumelos, pólas, plantas,... para facer unha exposición no colexio.  
Foi moi interesante e divertido.



**TEMOS QUE COIDAR O NOSO MONTE!**



## **SAÍDA A MADRID E TOLEDO CO DPTO DE RELIXIÓN**

Con moito sono e ilusión saímos do Instituto Primeiro de Marzo xa case alborexando. Caras novas e un longo viaxe para coñecernos.

Fixemos paradas en diferentes puntos da xeografía castelá e apreciamos os extensos campos cultivados, as mesetas, e unha vexetación cando menos extravagante, xa que en poucas horas pasamos da verde Galiza á "Dourada Castilla"

O primeiro que fixemos foi coñecer Toledo, cidade das tres culturas e berce do noso pasado artístico e cultural. A cidade protexida por extensos muros de pedra e polo río Teixo, aparece maxestuosa dende a Ermita del Valle e cun toque medieval. Un gran destino turístico no que se pode apreciar a beleza da arquitectura xudía, cristiá e musulmana. Edificios realmente encantadores, casas, e a marabillosa Catedral, a antiga Sinagoga do Tránsito, as súas rúas laberínticas, algunhas sen saída, e as fermosas vistas que se poden apreciar dende as alturas dos torreóns que a flanquean.

Desprazándonos xa cara a Madrid, vimos a súa cara máis familiar. Descubrimos o fermoso Madrid dos Austrias e dos Borbóns, o grandioso Palacio de Oriente, a Praza Maior, a Porta do Sol...

Un dos mellores praceres da cidade, un destino obrigatorio é a Pinacoteca madrileña do Prado, que aínda que nos custou chegar no metro, un tanto laberíntico, impregnounos da beleza dos cadros, a luz, a cor, a divinidade e a arte destes.

Visitamos nun Parque Natural preto da capital toledana as Barrancas de Burujón e merendamos en Aranjuez co maxestuoso Palacio Real que nos aportou un desexado descanso da cosmopolita cidade, e da calor característica da capital. Meditamos no Centro Budista e admiramos a Gran Mezquita da M30.

Os días pasaron voando e as amizades afianzaronse. Na volta a casa, paramos nunha fermosa vila de Valladolid, "Villa do Libro", Uruña, destino indispensable para todo lector e amante da cultura nun paradisíaco lugar de Terra de Campos.

Chegamos á tardiña, cansancio e esgotamento facían mella no corpo. As familias emocionadas esperaban no punto de partida. Chegamos con mil historias que contar ás familias, e cunha viaxe na lembranza que nunca esqueceremos.



**Camiño das Barrancas de Burujón (Toledo)**



**Madrid, Praza Maior**

**Laura Vidales, 3º ESO**



# As viaxes da nosa ALICIA



Nesta sección da Revista Escolar, onde se fala das saídas, excursións... que se realizan ao longo do curso, queremos contarvos que ALICIA ( o conto creado entre as tres etapas educativas do centro ) está de viaxe polos coles da zona.



Acompañando á nosa creación van tamén todos os materiais complementarios que se empregaron na exposición temática sobre este clásico da literatura.



Esperamos que tod@s disfruten tanto ou máis ca nós.

Equipo de Biblioteca.

## SEMANA DA FROITA

Esta semana poidemos disfrutar dunha froita diferente cada día... Que ricas!

Durante a semana do 8 ao 12 de novembro poidemos disfrutar dunha froita diferente cada día. Á hora do recreo, situados no patio dos pequenos, houbo dous postos onde nos repartiron froita para todos.



As froitas que poidemos degustar foron ameixa, clementina, plátano, mazá e

Estamos encantados con esta idea que nos aporta unha dieta saudable. Agora que estamos crescendo, a froita coas súas vitaminas e azúcares naturais son un complemento ideal para a merenda dos recreos.

Só temos que dicir unha cousa negativa a esta semana da froita, i é o derroche que algúns nenos e nenas fixeron coa froita sobrante. Debemos facerlle caso aos encargados/as de 6º e coller só a froita que vaiamos comer.

Xa estamos esperando a próxima semana da froita que terá lugar en xaneiro do ano que ven, quen sabe os novos sabores que descubriremos... Que rica é a froita!





# FROITAS CON CHOCOLATE

OS MENOS/AS DE 6º DE EDUCACION  
INFANTIL FIXEMOS UN TALLER  
DE COCINA APROVEITANDO A  
SEMANA DA FROITA.  
APRENDEMOS MOITO E PASAMOLO  
MOI BEN. ESPERAMOS REPETILO.







1º COLLEAMOS FROITA VARIADAS

2º PELAMOS E TROCEAMOS AS FROITAS

3º FIXEMOS O CHOCOLATE NO MICROONDAS

4º MOLLAMOS A FROITA NO CHOCOLATE

5º EMPLATAMOS E TODOS DEGUSTAMOS  
QUE RICO!







## CONFERENCIA E DEGUSTACIÓN



Nen@s de 4º de primaria

Durante unha das semanas da froita que houbo no cole visitounos Carlota, unha nutricionista para informarnos sobre o saudable que é tomar varias pezas de froita ao día.



Ademais, Ángela Fontano de Frutas Nieves preparounos unha degustación onde nós elaboramos brochetas de froita. Foi moi divertido. Que ricas estaban!



E gañamos un diploma do "Club Vitaminas"!

## A NOSA DESPENSA: O BOSQUE.

Este curso cocinamos empregando produtos relacionados co bosque e a natureza : cogumelos, amorodos, mazás, etc. Destacamos a receita do PATÉ DE NOCES por sinxela e riquísima!

**Ingredientes:** Noces, unha tarrina de queixo de untar e unha lata de atún.

**Modo de preparación:**



**Machácanse .**

**Ábrense as noces .**



**Resérvanse unhas poucas para a decoración.**





Nun bol bótanse o atún,  
o queixo e as noces  
machacadas e...  
remexemos todo!



**XA ESTÁ FEITO O PATÉ!**  
A que é mooooooooooooooooooi  
sinxelo de facer? Anímate!

Lembra poñer un cachiño de noz enriba da torrada de paté para unha mellor presentación.



**YUMMY**

**YUMMY!**

Taller de cociña.

# O CLUB DOS FANADOS

1º CICLO PRIMARIA

CURSO 2010/2011

## A BOCA



ESTUDAMOS COS NOSOS  
PROFES TODOS OS DENTES E  
FIXEMOS UNS DEBUXOS DA  
BOCA

## O CLUB DOS FANADOS



COMO SE NOS CAÍAN OS DENTES  
MONTAMOS UN CLUB E  
DECORAMOS AS ESCALEIRAS DO  
COLE CON DEBUXOS.

¿A QUE SON ZENTES BONITOS?  
BEN CON D, PERO É QUE QUEDEI  
SEN OS INCISIVOS



## COOKING



No taller de cociña en  
inglés elaboramos “  
dentes” e “bocas” con  
masa Brisa. Pintamos  
con ovo, empoiramos  
con sal grosso e...

**a comer!**







Roberto deunos unhas charlas no colexio e falounos do importante que é limpar e coidar os nosos dentes. Falounos do seu traballo e puxo moitas imaxes para explicar todo.

¡Grazas Roberto!



## HIXIENISTA DENTAL



### **XOGOS DO RECREO**

Novos aires se respiran no patio do colexio:  
Xogos populares e tradicionais,  
Xogos creados polos propios  
nenos/as,  
Pacios activos en infantil.  
Todo un mundo de diversión para  
que o recreo sexa activo,  
participativo i educativo.





# OS TEUS COÑECEMENTOS PODEN SALVAR VIDAS

## POR QUE DEBERÍA COÑECER O SOPORTE VITAL BÁSICO

Hoxe en día na nosa sociedade a esperanza de vida tense visto moi incrementada o que provoca un maior envellecemento da poboación. Do mesmo xeito o ritmo de traballo actual e máis a competitividade fan que os niveis de estrés desta poboación se vexan incrementados. A falta de tempo xeralizada pode traer tamén consigo unha mala alimentación na que abusemos das graxas, do sal, dos azucres... o que aumentará os nosos niveis de colesterol LDL.

O estrés, hipertensión, obesidade, tabacismo, envellecemento... son factores de risco de sufrir unha parada cardíaca o cal si os sumamos aos accidentes laborais e de tráfico fan que a posibilidade de atoparnos ante unha situación onde sexa necesario aplicar un RCP aumente de xeito exponencial.

## SI, NOS TAMÉN PODEMOS SALVAR VIDAS...


En caso de atoparnos ante un accidente que teña como consecuencia unha parada cardíaca será imprescindible que poñamos en funcionamento o máis prontamente posible a denominada cadea de supervivencia. Na imaxe podes observar en que consiste:



A nosa participación será fundamental nos dous primeiros elos (eslabones) da cadea. Así o máis rápidamente posible temos que alertar chamando ao 112 ou o 061 (este último se

nos atopamos en Galicia é moito máis rápido) do que está a ocorrer para logo continuar co seguinte paso o cal será a aplicación da RCP (reanimación cardio pulmonar) básica.

Está demostrado que o primeiro factor determinante das expectativas de supervivencia logo dunha parada cardíaca está constituído pola pecocidade con que a vítima recibe a asistencia axeitada.




Nestas gráficas aparece representado como as posibilidades de sobrevivir logo dunha parada cardíaca son moito máis altas se recibimos a RCP avanzada.

Cada minuto que pasa sen recibir atención (RCP) as posibilidades de salvarnos vense reducidas nun 10-12% e chegados os 10 minutos estas posibilidades son practicamente nulas.

A estas alturas estarás preguntándote e **EU QUE PODO FACER?...** na páxina seguinte aparece un protocolo de actuación para aplicar o soporte vital básico en función de cales sexan os síntomas do accidentado. Para iso distinguimos entre si está **consciente** (responde) ou **inconsciente** (non responde). Mira detidamente os pasos haber se eres capaz de comprendelo.



# SOPORTE VITAL BÁSICO ADULTOS



# M O D A

Aqui lles mostraremos as novas tendencias que se levarán este ano en primavera e en verán para rapaza. ¡Esperamos que vos guste!

En primeiro lugar, diremos que este ano se levarán as prendas "hippies", con moitos frecos, e tamén roupas vaporosas, transparentes e con escotes, sobre todo de seda e gasa, con encaixes. Abundarán os vestidos de palabra de honor e a ropa de estilo oriental. Tamén veremos multitude de estampados, de diferentes tipos, en especial as raias, as flores e os debuxos psicodélicos. En canto a bañadores, siguen estando en cabeza os biquinis de palabra de honor, con estampados como as raias ou os puntos. Estará de moda a cor branca, e volveremos a ver shorts de cintura alta.



Algúns dos conxuntos que veremos este ano poderían ser o mariñeiro, de estilo romántico, desenfadado e alegre, o caramelo, doce e divertido, e como non, o estilo informal, que é bonito á par que cómodo.



No look mariñeiro destacan as cores azul e branca, complementados co vermello. Poden combinarse distintos estampados sen problemas, e se o complementaramos cun bolso branco suavizaría máis o efecto causado pola mestura.



Os labios, as uñas e os zapatos vermellos daralle o seu toque mariñeiro ao noso look.



Se queremos levar un look máis doce, como o do caramelo, podemos poñer unha camiseta con debuxos divertidos, como xelados de cores ou outros debuxos, cuns shorts un pouco máis informais para contrastar un pouco o efecto da anterior prenda. Uns zapatos coloridos con lazos ou outros adornos quedarían estupendamente, aínda que tamén poderíamos usar unhas zapatillas Converse. Para terminar, maquilláremonos cuns tons naturais, e as uñas de cores chamativas, que chamen a atención.



Para terminar, un look informal ten que ser cómodo, pero iso non quere dicir que sexa feo. Podemos poñer, por exemplo, unha camiseta que nos guste cuns vaqueiros ou shorts, unhas bailarinas, unhas sandalias ou zapatillas Converse, cunhas uñas de cores vivas.



Ben, pois iso foi todo, esperemos que vos gustara e que vos sirva de axuda. ¡Un bico!  
Por Marta Valverde Casas e Sara Caruncho Pérez de 2ºC




**P  
A  
S  
A  
T  
E  
M  
P  
O  
S**




Colteceás a tua media laranja, zo passo do tempo che decabará de que preferes o laranja.



Tera's duas novas, unha boa e outra mala. A boa vera que gairas direito n un concurso, a mala, que recibiras sora metade por gastos de enco.



Estas semanas non serán mais boas, estarás de ánimo baixo. Pero Obama, estar para de arche "Yes, we can"



Ten cuidado por onde vas, corre o resgo de ser abducido por extraterrestes fluorescentes.



Deixa de foborete mal aos teus pais, ou gairas unha clase gratis a leia.



Para elas: Deixade de bicar tantos rós, cdes. colle infección bucal. Para eles: Non contedes buxo os balconís, ou ides ser fotocólicas indefinidas.



LIBRA

· Che coesa en piano arriba, tamén vas comprar café Nespresso.



SCORPIO

· Axiña salteada, que é o que che rouba a comida da nevera, O teu médico diagnosticarache que eres sonámbulo.



SAGITARIO

· Non te comes con a peito a dito de "un cravo saca outro cravo". A ferraría non da a bosta.




CAPRICORNIO

· Dentro de pouco che van dedicar unha canción. "É titulada "Ego ego". Non sexas tan egoísta.



AQUARIUS


· Nun ano serás alérxico ao h2o, para novas formas para aseoite.



PISCES

· Terás diarrea durante 1 mes, deixa de estar con baixón e non comes tanto chocolate.





QUE RICO TODO




HOXE A LUA ESTÁ CHEA



O Traballo

!!!LOISIÑO!!!  
SENDO TAN  
MENTIROSO.¿ QUE  
PENSAS SER DE  
MAIOR? UN PARVO?

POR SUPOSTO  
QUE NON , VOU  
SER O MELLOR  
DOS POLITICOS



O TEU PETO E MOI  
ORIXINAL , PERO EU  
VÉXOLLE ALGÚN  
PEQUENO DEFECTO.  
NON CRES?

OUU... PODE  
QUE NON SEXA  
UN PETO

CAIXA  
FORTISIMA



SE ALGUN  
DÍA  
TIVESES  
FILLOS ,  
CANTOS  
QUERRIAS?


EEEMM... EEE. POIS  
SUPOÑO QUEEE  
UNS ONCE



ME  
CAGHO  
EN DEZ

BOO...  
SUPOÑO QUE  
DEIXASME A  
UN LIMPO







C.P.I. de COVA TERREÑA  
Baiona. Maio de 2011